

A empresa Álvaro Hermida S.L. de Tui premiada como mellor servizo oficial 2006 de SEAT



Luns, 23 de Abril do 2007

Álvaro Hermida S.L. distinguido como Mellor Servizo Oficial SEAT de 2006

A súa calidade e eficacia no servizo valeulle a Álvaro Hermida S.L. ser recoñecido como o Mellor Servizo Autorizado SEAT do ano 2006. Así o acredita o diploma e o trofeo que fai uns días recibiron de mans de Pedro Hernández Zini, Xerente Comercial de Postventa Zona I e Jose Luís Baeza Gil, Delegado Post Venda Mercado Interior SEAT. O acto de entrega tivo lugar no transcurso dunha cea, celebrada en Tui, á que asistiu a totalidade do persoal de Álvaro Hermida S.L. integrada por vinte persoas.

Este galardón a nivel estatal é motivo de orgullo para toda a empresa xa que supón un recoñecemento ao traballo ben feito, e á gran aposta que realizan pola calidade desde Álvaro Hermida S.L. avalada ademais pola ISO 9001-2000 que posúen desde 2003 e renovan anualmente.

A formación é outra das claves do éxito deste Servizo Autorizado SEAT xa que os seus empregados asisten permanentemente a cursos de formación tanto presenciales como on-line para actualizar os seus coñecementos.

A iso súmase levar tres décadas no sector do automóbil, sendo na actualidade a segunda xeración a que rexenta a empresa.

Desde Álvaro Hermida S.L. quérese ademais agradecer aos seus clientes a confianza neles depositada, xa que parte do premio débese precisamente á satisfacción mostrada pola clientela deste servizo oficial.

Pechar a fiestra